

## Á Mesa da Comisión 1ª

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Paloma Castro Rey, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central do mantemento das salas do 091 da Policía Nacional nas comisarías provinciais desas comisarías (doc. núm. 10900), incluída na orde do día da sesión da dita comisión prevista para o día 31 de marzo de 2021.

### Emenda de modificación

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a demandar do Goberno de España a que continúe aumentando os medios humanos e materiais cos que contan as comisarías provinciais de todo o territorio galego.

Pazo do Parlamento, 30 de marzo de 2021

### Asinado dixitalmente por:

**Paloma Castro Rey na data 30/03/2021 16:29:03**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 30/03/2021 16:29:14**



## Á Mesa da Comisión 1ª

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Paloma Castro Rey, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que este debe realizar ao Goberno central en relación os bens inmatriculados pola Igrexa Católica (doc. núm. 11275), incluída na orde do día da sesión prevista para o día 31 de marzo de 2021.

### Emenda de modificación

Proponse unha nova redacción para o primeiro parágrafo da parte resolutiva da iniciativa que terá o seguinte contido:

- Facer público de xeito facilmente accesible a ampliación da información sobre os bens inmatriculados pola Igrexa Católica no territorio galego, especialmente, no caso de propiedades rústicas, de maneira que se facilite a súa identificación e localización.

### Emenda de adición

No segundo parágrafo débese engadir *in fine* o seguinte texto:

- ... e poñer en marcha as accións e medidas necesarias para impedir a consolidación do dominio ou outros dereitos reais inmatriculados a favor da Igrexa Católica en Galicia, se esta inmatriculación se fixese sen título material previo que a xustificase ou cando o ben non for susceptible de titularidade privada por ser de dominio público.

Pazo do Parlamento, 30 de marzo de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 30/03/2021 17:49:01**





**Gonzalo Caballero Míguez na data 30/03/2021 17:49:11**

